

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2013

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



1º ciclo primaria

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s ides
escribir ...




...unque hai quen di que xa se ve a luz ao final do túnel, non está moi claro, por iso **recomendamos**: ORGANÍZATE tamén para ser pedichón ou pedichona!!!,

Fala cos teus e coas túas compas e poñédevos de acordo para pedir títulos distintos. Ah!, e pedide tod@s unha libretiña chula. Así poderedes intercambiar os libros unha vez que os leades, facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca con empréstito incluído. E a libretiña? diredes. Pois para anotar a quen prestades os vosos libros e saber a quen reclamarllos no caso de moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia, pero en "analóxico"

1º CICLO PRIMARIA:

- **Chímpate, Pepa! - Paula Carballeira-Triquetra verde**: Pepa é unha ave mariña que sempre mira cara arriba, quere voar ata o Sol, ata a Lúa, anque tod@s lle berran que dé un chimpito ao mar... E un día Pepa abre ben as ás e...




- **Cleopatra, raíña do Nilo-Baía**: Unha muller valente, intelixente, apaixonada. Raíña de Exipto, cunha vida intensa. Queres coñecela?

- **A historia dos bonobos con lentes - A. Turín-Kalandraka**: Os bonobos non querían que as bonobas aprendesen, viaxasen, se modernizasen; preferían que seguisen a coidar fill@s e apañar a comida. Non



parece moi xusto, non si?



- **Caramba - M-L. Gay-Lata de Sal**: Caramba sabe facer moitas cousas, pero, por moito que o intenta, non é quen de voar coma todos @s

demáis gat@s. Quérenlle axudar. Aprenderá?


- **Baixa, gata! - S. Hartnett-Lata de Sal**: Á noite, a gata de Nicolao non quer baixar do Tellado, non terá medo aos monstros da escuridade?, tan valente...pero empeza a



- **As dúas casas de Alicia-Baía**: Cando o pai e a nai de Alicia se separan, preocúpase por como será ter dous lugares onde vivir, haberá que repartir

os afectos?

- **Oliver Twist-Dickens-Baía**: Adaptación dun clásico. As desventuras do pequeno Oliver, que chegará a Londres fuxindo do maltrato e a explotación. Na "city" non todo irá ben.



- **El cielo de Afganistán - A. Eulate-Cuento de Luz**: Unha nena afgana que non "cesa de soñar", mira ao ceo para ceibar a súa imaxinación, perseguindo unha vida sen guerra, un futuro de solidariedade e tolerancia no seu país.

- **Cartas que veñen e van - Mamá Cabrera-Herrera-Galaxia**: Unha chea de cartas para que cantes, si para que cantes. E tamén bailes se é o que che gusta!

